


Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito de internet



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Edición:

Observatorio da Lingua Galega. 2009

Elaboración:

EOSA Consultores

Estrategia y Organización, S.A.

Diseño e maquetación:

EOSA Consultores

Estrategia y Organización, S.A.

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. PRESENTACIÓN.....	5
2. INTRODUCCIÓN.....	7
2.1 Obxectivos e finalidades	7
2.2 Antecedentes no estudo da situación da lingua galega en internet.....	8
2.3 Referencias legislativas sobre a lingua galega	9
2.4 O Plan xeral de normalización da lingua galega.....	9
3. METODOLOXÍA.....	11
3.1 Consideracións xerais	11
3.2 Deseño das mostras	11
3.2.1 Páxinas web	11
3.2.2 Blogs.....	12
3.3 Realización dos traballos de campo	12
3.3.1 Páxinas web	12
3.3.2 Blogs.....	12
3.4 Algúns conceptos manexados neste estudo	13
3.5 A calidade lingüística	13
4. A LINGUA GALEGA NAS PÁXINAS WEB.....	17
4.1 Introducción	17
4.2 Metodoloxía.....	18
4.2.1 Consideracións xerais.....	18
4.2.2 Deseño da mostra	19
4.2.3 Realización do traballo de campo e saída de datos 21	
4.2.4 Calidade das webs.....	21
4.3 Usos lingüísticos nas páxinas web	22
4.3.1 Lingua da páxina de inicio das webs	22
4.3.2 Linguas do menú.....	29
4.4 A calidade da lingua galega nas páxinas web.....	46
4.5 Conclusións.....	53

5.	A LINGUA GALEGA NOS BLOGS	59
5.1	Introdución	59
5.2	Metodoloxía	59
5.2.1	Consideracións xerais.....	59
5.2.2	Deseño da mostra.....	60
5.2.3	Realización do traballo de campo e saída de datos 61	
5.3	Usos lingüísticos nos blogs	61
5.4	A calidade da lingua galega nos blogs	64
5.5	Conclusións	72

6.	PROPOSTA DUN SISTEMA DE INDICADORES PARA INTERNET	73
6.1	Finalidade e obxectivos do sistema de indicadores....	73
6.2	Sistema de indicadores lingüísticos para internet.....	74
6.2.1	Páxinas web	74
6.2.2	Blogs.....	74
7.	CONCLUSIÓN.....	75
8.	BIBLIOGRAFÍA	77

1. PRESENTACIÓN

O estudo que a continuación presentamos forma parte do Observatorio da Lingua Galega. Esta iniciativa, impulsada dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante SXPL) da Xunta de Galicia, constitúese como a ferramenta capaz de poder detectar a evolución dos usos lingüísticos da sociedade ao longo do tempo.

Concretamente, o **Observatorio da Lingua Galega** é un traballo que nace cunha dobre finalidade: en primeiro lugar, como unha ferramenta que permite o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado de forma unánime polo Parlamento galego; en segundo lugar, como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade e que, ademais, posibilite comparar os usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade para, deste xeito, enfocar as actuacións a prol da lingua nos ámbitos en que sexa máis necesario e nos aspectos máis demandados.

No Observatorio recolléronse ata o momento **oito ámbitos** de actuación, consonte os establecidos no Plan xeral de normalización da lingua galega (en diante PNL) e que son os seguintes: **administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.**

Pero o Observatorio da Lingua Galega non é unha ferramenta estática, senón que se trata dun instrumento dinámico, o que leva consigo unha serie de implicacións. Por unha banda, é obxectivo deste levar a cabo sucesivas observacións nos ámbitos xa estudados, que denominaremos troncais, para coñecer a evolución do galego neles; por outra, está previsto efectuar novas observacións en ámbitos de interese, que denominaremos temáticas. Estas últimas consistirán na análise de sectores máis concretos que teñen especial relevancia na sociedade actual co obxectivo de detectar cales son as súas necesidades específicas e poder así actuar sobre elas. En concreto, neste informe preséntanse os resultados dunha destas novas observacións temáticas: a realizada no ámbito de internet.

O ámbito de internet constitúe na actualidade un dos elementos con maiores implicacións económicas e sociais no marco da sociedade da información e do coñecemento, posto que se trata dun dos indicadores económicos e de desenvolvemento manexados hoxe en día, ao tempo que se erixe nunha prioridade para os gobernos. Neste ámbito de crucial importancia, o papel que desempeñen as linguas dunha comunidade será vital para os seus falantes e condicionará a maior ou menor proxección da lingua ou linguas usadas, ademais doutros aspectos como a cohesión social, a formación e a información da poboación. Así pois, da medida en que unha lingua sexa un instrumento

de comunicación presente neste ámbito e se creen e editen contidos nela dependerán as súas perspectivas de futuro e, con elas, a viabilidade da comunidade lingüística que a utiliza.

Este documento estrutúrase nos seguintes capítulos:

- **Introdución:** en primeiro lugar, inclúe unha pequena introdución na cal se analizarán varios aspectos. Por unha banda, fálase dos obxectivos e das finalidades deste informe. Por outra banda, inclúense os antecedentes en canto ao estudo do galego neste ámbito, así como a referencia que se fai ao ámbito das novas tecnoloxías no PNL.
- **Metodoloxía:** deseguido, analízase a metodoloxía empregada para elaborar este traballo. É un apartado onde se tratan todas as cuestións referidas aos principios metodolóxicos utilizados neste estudo sobre os usos lingüísticos no ámbito de internet.
- **Análise dos usos lingüísticos nas páxinas web:** trata a situación da lingua galega nas páxinas web, tanto cuantitativa (cantidade de galego) como cualitativamente (calidade lingüística).
- **Análise dos usos lingüísticos nos blogs:** trata a situación da lingua galega nos blogs, tanto cuantitativa (cantidade de galego) como cualitativamente (calidade lingüística).
- **Indicadores lingüísticos:** abordaremos unha proposta de indicadores para este ámbito.
- **Conclusións:** este apartado recolle unha compilación dos puntos principais tratados neste informe.
- **Bibliografía:** relaciónanse as obras e os estudos consultados para a elaboración do presente informe.

A través deste informe preténdese establecer o panorama actual dos usos lingüísticos no ámbito de internet e das súas necesidades. Esperamos que o presente estudo axude a deseñar novas directrices e poñer en marcha actuacións enfocadas a un aumento cuantitativo e cualitativo da lingua galega neste ámbito tan importante na sociedade actual.

2. INTRODUCCIÓN

As orixes de internet remóntanse ao ano 1969, cando se estableceu a primeira conexión entre varios ordenadores da man dun grupo de investigadores nos EEUU. No entanto, o acceso masivo a esta ferramenta non se produciu ata finais da década de 1990. Polo tanto, trátase dun fenómeno moi recente, pero tal foi o impacto que produciu nas nosas sociedades, que hoxe nos resulta moi difícil imaxinar as nosas vidas sen este medio de información e comunicación.


Internet supuxo unha auténtica revolución nos nosos hábitos de vida. Cambiou as formas de traballo, de ocio e, sobre todo, de comunicación. Tamén mudou radicalmente o noso acceso a fontes de coñecemento, pois proporciona unha cantidade inmensa de información e, ademais, de xeito inmediato e sinxelo.

Internet esixe a dixitalización, fomenta a cohesión social, mediante a integración, e mellora a calidade de vida e a formación no uso das novas tecnoloxías. Non obstante, é imprescindible a alfabetización dixital e a dispoñibilidade de terminais de acceso e de conexión a internet mediante banda larga co fin de evitar a denominada fenda dixital e que unha parte da poboación, pola falta de coñecementos ou dos recursos necesarios, quede á marxe da sociedade da información.

Dada a importancia de internet, facíase necesaria a análise da situación da lingua galega neste ámbito, pois semella imprescindible para o seu futuro asegurar a súa presenza neste medio. Este estudo proporcionará datos cuantitativos, cantidade de galego presente en internet, e cualitativos, calidade da lingua galega en internet, que servirán de base para a concreción de accións futuras que axuden á promoción da lingua neste medio.

2.1 Obxectivos e finalidades

Como xa se comentou anteriormente, a posta en marcha do Observatorio da Lingua Galega por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia pretende dotar a Administración dunha ferramenta áxil e obxectiva que posibilita un seguimento da aplicación do Plan xeral de normalización da lingua galega. Ao mesmo tempo, o Observatorio tamén se define como un instrumento que permite obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade de xeito periódico cunha metodoloxía solvente e áxil.



No ámbito de internet preténdense recoller datos sobre os seguintes aspectos:

- A presenza da lingua galega nas páxinas web.
- A presenza da lingua galega nos blogs.

En ambos os casos, recolléronse dous tipos de datos:

- **Cuantitativos:** analizouse a presenza do galego, do castelán e doutras linguas en organizacións galegas ou que teñen presenza en Galicia, así como nos blogs feitos nesta comunidade.
- **Cualitativos:** analizouse a calidade da lingua galega das webs e dos blogs analizados.

Os obxectivos do traballo son, polo tanto, varios. Por unha banda, a partir dos datos cuantitativos, preténdese desenvolver accións encamiñadas a aumentar a presenza do galego en internet. Por outra, a partir da información cualitativa, búscase deseñar medidas que vaian dirixidas a acadar unha mellor calidade lingüística das webs e os blogs escritos en lingua galega.

2.2 Antecedentes no estudo da situación da lingua galega en internet

A situación da lingua galega no ámbito de internet aínda non viu un estudo completo e global capaz de determinar a realidade lingüística, a través dos seus usos, e observar o grao de normalización existente. Non obstante, podemos salientar o artigo publicado no ano 2003, da autoría de Xavier Gómez Guinovart, e titulado “A lingua galega en Internet”, no que se trata cal era a presenza do galego na rede naquel ano.

O *Plano estratéxico galego da sociedade da información* (2007), elaborado por iniciativa da Consellería de Innovación e Industria, recolle algúns datos relevantes para o noso estudo. De entre eles destaca a importancia outorgada pola cidadanía galega á lingua no contexto da sociedade da información, da que se desprende que máis de sete de cada dez persoas opinan que a presenza do galego na rede é baixa ou moi baixa. Polo que respecta ao uso de interfaces en galego nas aplicacións informáticas máis estendidas, o uso está próximo ao 30%. Neste plan tamén se alude á presenza maioritaria do castelán nas webs das empresas galegas, mentres que, en canto ás asociacións, a porcentaxe de uso do galego na páxina web está bastante equiparada coa do castelán.

Por outra banda, existen asociacións como a Ciberlrmmandade da Fala, creada en 1996, que traballa pola normalización da lingua galega en internet e nas novas tecnoloxías en xeral e outras páxinas web que realizan unha recolla de ferramentas, aplicacións e servizos dispoñibles en galego, pero ata o de agora non existe ningún estudo que aborde, cunha perspectiva xeral e ampla, os usos lingüísticos en internet no que ao galego se refire.

Tamén o Observatorio da Lingua Galega ten contribuído ao coñecemento da situación lingüística nas novas tecnoloxías, a través dun informe publicado en 2008 e que leva por título *Observación no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación*, dispoñible en internet en <http://www.observatoriodalinguagalega.org>. Entre outros aspectos, este estudo analiza a situación da lingua galega no ámbito das TIC en relación cos seguintes puntos: cidadanía, empresa, Administración e produtos de software.

No caso dos blogs, tamén existe algún estudo acerca da lingua galega nestes. En abril de 2006, celebrouse en Santiago de Compostela a xuntanza EnBlogs'06 organizada polo Consello da Cultura Galega. Nela, presentáronse varios relatorios nos que se trataban os blogs desde diferentes perspectivas. O Grupo de Novos Medios, da Universidade de Santiago de Compostela, no seu relatorio “A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos” fai unha análise dunha mostra de 282 blogs nos que se emprega este idioma na que fala dos temas que se tratan, a súa actualización etc. Fernando Garrido, pola súa banda, en “Blogs e apropiación social da rede. Ecosistema, perfís e prácticas”, inclúe un apartado no que tamen trata o tema da lingua. Do mesmo autor é a I Enquisa a blogueiros/as galegos/as na que incluía cuestións relativas ao idioma utilizado nos blogs.

2.3 Referencias lexislativas sobre a lingua galega

Se cadra por ser este un ámbito relativamente novo, a lexislación existente e aplicable sobre a lingua galega non inclúe referencia ningunha a este sector tan importante na actualidade. Na **Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias**, ratificada en 2001 por España, hai unha brevísima referencia ás novas tecnoloxías no artigo 12 en que se fala de actividades e equipamentos culturais. Neste artigo apúntase o compromiso de fomentar e favorecer as linguas rexionais ou minoritarias neste ámbito.

En materia de equipamentos culturais –en particular de bibliotecas, videotecas, centros culturais, museos, arquivos, academias, teatros e cinemas, así como de traballos literarios e de produción cinematográfica, de expresión cultural popular, festivais, industrias culturais, que inclúen principalmente a utilización de tecnoloxías novas- as partes comprométense, no que afecta o territorio no que se practican tales linguas e na medida en que as autoridades públicas teñen competencia, poderes ou funcións neste ámbito:

a) a fomentar a expresión e as iniciativas propias das linguas rexionais ou minoritarias, e a favorecer os diferentes medios de acceso ás obras producidas nestas linguas; [...].

2.4 O Plan xeral de normalización da lingua galega

As novas tecnoloxías figuran entre os sectores caracterizados como transversais no Plan xeral de normalización da lingua galega (en adiante PNL) . En concreto, aparecen situadas á par dos dereitos lingüísticos e a implementación do corpus, o que, sen dúbida ningunha, é especialmente indicativo da importancia fundamental que na actualidade se lles outorga a aquelas. Así pois, o PNL chega a afirmar que no futuro “as diferenzas entre linguas maioritarias e minoritarias, oficiais e non oficiais, van quedar substituídas pola diferenza entre linguas con tecnoloxía e linguas sen tecnoloxía” (2006: 50).

O propio PNL (2006:122) afirma, na introdución do sector 3, que “cómpre apostar forte pola presenza do galego na Rede, e non só con contidos e información, que xa é fundamental neste momento, senón tamén con recursos e ferramentas de todo tipo que lles permitan aos nosos cidadáns estar instalados en galego, pero vivindo plenamente na sociedade do século XXI”.

O futuro da lingua pasa, pois, pola eficacia e o éxito deste sector, dado que disto dependerá a imaxe que as persoas teñan desta lingua. Ademais, cómpre salientar que nos atopamos ante un momento decisivo para harmonizar lingua galega e novas tecnoloxías, polo que se deben centrar esforzos co fin de que o galego entre neste sector.

O PNL establece para este sector das novas tecnoloxías os obxectivos xerais que reproducimos a continuación (2006: 51):

- *Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías e na telefonía móbil.*
- *Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos en galego.*
- *Potenciar a presenza da lingua galega en Internet.*
- *Potenciar a investigación da tradución automática, o recoñecemento e a síntese de voz, e outras novas técnicas que vaian aparecendo e que faciliten a opción positiva no mercado da información e da comunicación e que aseguren a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da sociedade actual.*

3. METODOLOXÍA

3.1 Consideracións xerais

Desde o punto de vista metodolóxico, a observación neste ámbito abordouse desde un enfoque cuantitativo e completouse mediante unha captura de información cualitativa. A análise cuantitativa consistiu na observación da lingua galega nas páxinas web e nos blogs. Por outra banda, a análise cualitativa afectou a calidade da lingua galega.

Cómpre ter en conta que todos os datos que se ofrecen, tanto cuantitativos como cualitativos, se refiren ao momento de consulta da web ou do blog. Isto é especialmente importante á hora de analizar a calidade, pois os erros detectados son os atopados o día que se analizou esa páxina en cuestión e que poden variar moito dun día para outro cando existen contidos dinámicos como noticias, axenda de actos etc. ou, no caso dos blogs, a anotación (*post*) do día en que se delimitou o universo.

3.2 Deseño das mostras

3.2.1 Páxinas web

Para as páxinas web pátrese dunha mostra superior ás 1500 webs. Estas distribúense en tres grupos ben diferenciados:

- **GRUPO 1.** Administracións e organismos oficiais. Composto de institucións oficiais de ámbito galego, estatal e europeo.
- **GRUPO 2.** Organizacións sociais e medios de comunicación. Engloba entidades galegas ou que desempeñan a súa actividade en Galicia.
- **GRUPO 3.** Tecido empresarial. Composto por empresas galegas ou que operan en Galicia.

Dentro de cada un, estableceranse, como xa se explicará no apartado correspondente, diferentes subgrupos.



A fonte principal para a escolla do universo dos grupos 1 e 2 foi a Guía da Comunicación da Xunta de Galicia (<http://guiacomunicacion.xunta.es/>), agás no caso das institucións da Administración Xeral do Estado e as institucións europeas, nas que se colleu como fonte WICCAC (<http://wiccac.cat/>), Webmàsters Independents en Català, de Cultura i d'Àmbits Cívics.

No caso do grupo 3, a fonte para a obtención deste universo foi o Instituto Galego de Estatística.

3.2.2 Blogs

En canto aos blogs, a mostra comprende un total de 500 blogs, procedentes dun universo de 22685, tirados dos seguintes directorios: blogspot.com, blogoteca.com, mundo-r.com e blogomillo. A idea era conseguir o número máis aproximado posible de blogs realizados no ámbito xeográfico de Galicia para obter un dato o máis fiable posible sobre a presenza da lingua galega. Non obstante, cómpre ter en conta que coñecer o número exacto de blogs mantidos desde Galicia é un labor imposible por un motivo fundamental: a maior parte dos blogs non presenta referencia ningunha ao lugar desde o que se redacta. Ademais, o universo dos blogs é moi cambiante, no sentido de que todos os días se crean e se pechan blogs, polo que nunca é posible obter unha cifra definitiva.

3.3 Realización dos traballos de campo

3.3.1 Páxinas web

A duración do traballo de campo foi de dous meses e realizouse en outubro e novembro de 2008. Este traballo tivo dúas fases: primeiro, buscáronse as páxinas web das organizacións que forman a mostra analizada e, en segundo lugar, analizouse a presenza da lingua galega nestas, así como da calidade lingüística destas.

3.3.2 Blogs

Para o estudo acerca da presenza do galego nos blogs, así como da súa calidade lingüística, tívose en conta a lingua da anotación ou *post* máis recente en relación coa data e hora de configuración do citado universo, que foi o día 10 de decembro de 2008 ás 11 horas. Este dato resulta moi significativo neste ámbito tan cambiante, xa que constantemente se crean blogs novos e se pechan outros.

Tal e como acontecía nas webs, o traballo de campo consistiu na análise da presenza da lingua galega nos blogs que forman a mostra, así como da súa calidade lingüística.

3.4 Algúns conceptos manexados neste estudo

Ao longo deste estudo manexaranse unha serie de conceptos que cómpre sexan aclarados para poder comprender ben os datos que se ofrecen. Así, na parte cuantitativa introdúcense as seguintes denominacións para as diferentes opcións lingüísticas que se atopan nas webs:

- **Lingua da páxina de inicio:** referímonos con esta denominación ao idioma por defecto no que se presentan os contidos da páxina dunha organización cando se entra nela, independentemente de que esta web ofrezca a posibilidade de consultarse, se así o desexa o usuario/a, noutra lingua. Exemplo: a páxina web do Concello de Carballo (<http://www.carballo.org/>), no momento de redactar este informe, ten como lingua da páxina de inicio o galego, pois este é o idioma no que aparecen os contidos ao entrar nela, aínda que, a maiores, pode consultarse, se se quere, en español e inglés.
- **Linguas do menú:** é a lista de todos os idiomas nos que se pode navegar pola web ou blog. Seguindo co exemplo do Concello de Carballo, neste caso as linguas do menú serían tres: galego, castelán e inglés.
- **Opción de escolla de linguas:** algunhas webs permiten que, antes de consultar os contidos, se seleccione o idioma no que se quere facelo. Exemplo: as páxinas web das institucións europeas, como a do Parlamento Europeo (<http://www.europarl.europa.eu/>), ofrecen, nada máis entrar nelas, unha listaxe de varias linguas entre as que o usuario/a pode elixir unha para acceder aos contidos que ofrece.
- **Mestura de linguas:** algunhas páxinas de inicio, en lugar de estar redactadas nunha única lingua, mesturan varias, ás veces mesmo sen ningún tipo de criterio.
- **Lingua da última anotación do blog:** fai referencia á lingua da anotación consultada para facer o estudo.

3.5 A calidade lingüística

A análise da calidade fíxose en todos os blogs cuxa anotación estaba en lingua galega o día da fixación do universo. No caso das webs, esta calidade analizouse a partir dunha mostra aleatoria de páxinas feita a partir de todas as que estaban en galego.

Cómpre ter en conta que para o estudo da calidade só se tiveron en conta as páxinas de inicio das webs e as anotacións dos blogs que teñen un mínimo de dez palabras. Así mesmo, tamén convén aclarar que só se contaron os erros unha vez nos casos en que aparecían repetidos dentro da mesma páxina web ou do mesmo blog.

En canto á tipoloxía dos erros, estableceuse a seguinte clasificación:



- **Erros ortotipográficos:** inclúense aquí erros de tipografía e de ortografía (acentuación; uso de *v* e *b*, e de *h*; grupos cultos, uso das maiúsculas...).
- **Erros léxicos:** trátase de erros semánticos que afectan o vocabulario (como o uso errado de “aportar” co significado de “achegar”) ou tamén de formas inexistentes en galego (castelanismos, anglicismos etc.).
- **Erros morfosintácticos:** refírense a erros que afectan a morfoloxía (xénero, número etc.) e a sintaxe (colocación do pronome átono, uso da preposición *a* co complemento directo...).

Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito de internet
Subámbito das páxinas web



= lingua
galega

4. A LINGUA GALEGA NAS PÁXINAS WEB

4.1 Introducción

No momento actual, faise case imprescindible para unha organización contar cunha páxina web, pois non estar en internet é case sinónimo de non existir. Así pois, as vantaxes de estar presentes na rede son innumerables e deberán constituír unha prioridade para as entidades que, na actualidade, aínda non dispoñen de sitio web.

Ademais, á hora de crear unha páxina web, é preciso ter en conta cuestión de deseño, aloxamento, funcionalidade, aplicacións e, así mesmo, decidir aspectos relativos á accesibilidade lingüística dos contidos que nela se atoparán. Desta maneira, resulta esencial considerar o número de linguas en que se poderá visitar a páxina web, cal ou cales serán as linguas en que a páxina se mostre por defecto ou se o usuario/a terá a posibilidade de escoller a lingua na que navegará polos contidos. Todos estes aspectos influirán nunha maior cantidade de opcións lingüísticas na web e redundará nun maior ou menor achegamento ao potencial visitante.

No caso de Galicia é de especial importancia analizar cal é a situación da lingua galega nas webs de organizacións galegas ou con presenza en Galicia. Coñecer cal é o trato que estas organizacións lle dan á lingua propia de Galicia servirá para identificar os puntos fortes e febles do galego en internet e poder, así, deseñar medidas adecuadas para este ámbito tan peculiar como importante.

Este estudo, ademais de observar a presenza do galego, tamén analiza a calidade lingüística das páxinas que empregan esta lingua, co fin de contar cunha visión de conxunto da realidade da lingua galega nas páxinas web.



4.2 Metodoloxía

4.2.1 Consideracións xerais

Dada a amplitude do universo que forma o subámbito das páxinas web, fíxose necesario establecer unha división para poder levar a cabo o tratamento de datos e que non se visen sobrerepresentados uns grupos sobre outros. É por iso polo que se fixo a seguinte clasificación das páxinas web:

- **GRUPO 1.** Administracións e organismos oficiais: este grupo subdividiuse ao mesmo tempo en:
 - a) **1.1.** Institucións de ámbito galego e organismos oficiais: Xunta de Galicia, consellerías e outros organismos autonómicos como o Parlamento, o Valedor do Pobo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Consello de Contas, o Consello Consultivo e o Consello da Cultura Galega.
 - b) **1.2.** Administración provincial e local: Fegamp (Federación Galega de Municipios e Provincias), deputacións e concellos galegos.
 - c) **1.3.** Institucións da Administración Xeral do Estado: ministerios e outros organismos como por exemplo A Moncloa, Banco de España, CSIC, AENA, BOE, Congreso dos Deputados etc.
 - d) **1.4.** Institucións europeas: Unión Europea, Valedor do Pobo europeo, Parlamento Europeo, Consello da Unión Europea e Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.
- **GRUPO 2.** Organizacións sociais e medios de comunicación: dentro deste grupo estableceuse a seguinte división:
 - a) **2.1.** Organizacións políticas e sindicais.
 - b) **2.2.** Medios de comunicación: medios, axencias, organizacións profesionais e empresariais do sector, produtoras e outras publicacións. Non se tiveron en conta as emisoras locais.
 - c) **2.3.** Entidades e organizacións de interese: ONGD, museos, fundacións, editoriais, federacións, bibliotecas, asociacións etc.
 - d) **2.4.** Universidades.
 - e) **2.5.** Administración relixiosa: seminarios e bispados.
- **GRUPO 3.** Tecido empresarial, no que as empresas se clasifican segundo o número de empregados: 10-49, 50-249 e >250. Non se tiveron en conta as de menos de 10 empregados/as.

Para a selección das webs dos grupos 1 e 2 escolleuse como criterio que fosen administracións ou organizacións galegas ou con presenza ou algún tipo de relación con Galicia. A fonte principal para a esollha do universo dos grupos 1 e 2 foi a Guía da Comunicación da Xunta de

Galicia (<http://guiacomunicacion.xunta.es/>), agás no caso das institucións da Administración Xeral do Estado e as institucións europeas, nas que se colleu como fonte WICCAC (<http://wiccac.cat/>), Webmàsters Independents en Català, de Cultura i d'Àmbits Cívics.

No caso do grupo 3, o criterio de escolla para o universo das webs foi seleccionar empresas con presenza en Galicia, sexan galegas ou non. A fonte para a obtención deste universo foi o directorio de sociedades 2006 do Instituto Galego de Estatística.

4.2.2 Deseño da mostra

De acordo coa clasificación explicada no punto anterior, no seguinte cadro amósase o universo, o universo con web e a mostra para cada un dos subgrupos. Non obstante, cómpre ter en conta que só se inclúe o universo con web nos casos en que é viable coñecelo, pois, como se pode comprobar, certos grupos inclúen un número moi elevado de organizacións. O erro de mostraxe está calculado para un **nivel de confianza do 95,5%** e cunha varianza **$p = q = 0,5$** . Por este motivo, o erro mostral calculouse a partir do universo con web, nos casos en que este se coñecía, ou do universo total, cando non se calculou o universo con web:

GRUPO	UNIVERSO	UNIVERSO CON WEB	MOSTRA	ERRO MOSTRAL
Grupo 1: administracións	389	347	347	0%
Grupo 2: organizacións sociais e medios de comunicación	1709	---	486	3,8%
Grupo 3: empresas	9425	---	687	3,7%

A continuación, ofrécense os datos tendo en conta as subdivisións feitas en cada grupo. Cómpre ter en conta que, no caso do subgrupo 1.2., relativo á Administración provincial e local, aínda que a intención da mostra era analizar as páxinas web de todos os concellos, isto non foi posible, pois algúns non dispoñen de web.

GRUPO 1	UNIVERSO	UNIVERSO CON WEB	MOSTRA	ERRO MOSTRAL
1.1.	20	20	20	0%
1.2.	320	278	278	0%
1.3.	44	44	44	0%
1.4.	5	5	5	0%

No caso do grupo 2, ao incluír un tipo de organizacións tan variado e tan numeroso, o criterio foi escoller nos cinco grupos en que se subdivide todas as organizacións que tiñan web que se incluían en cada un deles, agás no caso dos medios de comunicación e nas entidades e organización de interese, nos que se fixo unha mostra sobre o total das existentes, debido ao elevado número de entidades que incluían. A distribución do universo, do universo con web, da mostra e do erro mostral fíxose como se explica a continuación.

GRUPO 2	UNIVERSO	UNIVERSO CON WEB	MOSTRA	ERRO MOSTRAL
2.1.	23	20	20	0%
2.2.	406	---	228	4,4%
2.3.	1262	---	225	6%
2.4.	4	4	4	0%
2.5.	14	9	9	0%

En canto ao grupo 3, referido ao tecido empresarial, esta é a distribución da mostra en función do número de empregados/as da empresa. Neste caso, ao ser un grupo tan amplo fíxose a mostra a partir do número total de empresas:

TAMAÑO DA EMPRESA	UNIVERSO	MOSTRA	ERRO MOSTRAL
10-49	8114	322	5,5%
50-249	1161	260	5,5%
> 250	160	105	5,5%

As empresas pertencentes a cada un destes grupos distribuíronse proporcionalmente en función dos CNAE.

4.2.3 Realización do traballo de campo e saída de datos

Á hora de presentar os datos conservárase esta división en tres grupos, xa que, se se presentasen os datos no conxunto das webs analizadas, un grupo podería verse sobre-representado con respecto a outro, o cal podería alterar os datos. Fixéronse así mesmo filtros en función de cada un dos subgrupos que compoñen esta división inicial.

O traballo de campo levouse a cabo durante os meses de outubro e novembro de 2008.

4.2.4 Calidade das webs

A análise da calidade das webs fíxose sobre unha mostra representativa estatisticamente e distribuíuse de xeito aleatorio entre todas as webs que están nesta lingua. O erro de mostraxe está calculado para un **nivel de confianza do 95,5%** e cunha varianza **p = q = 0,5**. Esta é a distribución:

GRUPO	UNIVERSO	MOSTRA	ERRO
1	311	175	5%
2	236	148	5%
3	69	59	5%

Hai que ter en conta que non se analizaron as webs con menos de dez palabras, dado que este non se considera un número suficiente para poder analizar o uso da lingua galega dunha páxina web.

4.3 Usos lingüísticos nas páxinas web

4.3.1 Lingua da páxina de inicio das webs

Neste apartado analizaranse os datos relativos ás linguas empregadas na páxinas de inicio das organizacións estudadas. Comezarase esta análise cun gráfico que mostra que, en función dos tres grupos establecidos, existen notables diferenzas no referente ao idioma elixido para estas páxinas. Así, vemos que no grupo 1, relativo ás administracións, máis das tres cuartas partes ofrecen a súa páxina de inicio en galego por defecto, dato que contrasta co que acontece no restos dos grupos, pois vemos como no 2 a porcentaxe de uso desta lingua ná páxina de inicio é do 38,4%, e no 3, do 1,4%. Outro dato que paga a pena destacar é que só nas empresas atopamos algunha web que ten a súa páxina de inicio noutro idioma diferente ao galego ou o castelán, aínda que nunha porcentaxe moi baixa: o 1,9%.




Gráfico 1. Lingua na páxina de inicio das organizacións observadas

Base: páxinas web das organizacións observadas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Se analizamos os datos en función do tipo de Administración, contrastan os datos da Administración autonómica, que na súa totalidade ten as páxinas de inicio por defecto en galego, cos da Administración do Estado, que teñen todas o castelán. No caso da Administración local, case o 90% emprega tamén o galego. Os datos da Administración europea non se ofrecen, pois ningunha das páxinas ofrece o galego no seu menú.




Gráfico 2. Lingua na páxina de inicio das administracións

Base: páxinas web das administracións

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego

lingua
galega

No grupo 2, atopamos resultados dispares en función do tipo de organización. Así, o galego é a lingua empregada maioritariamente na páxina de inicio de organizacións políticas e sindicais (83,3%) e universidades (tres de catro), mentres que o castelán está máis presente na Administración relixiosa (nas tres cuartas partes das webs) e nos medios de comunicación (no 77,9%). Nas organizacións sociais, galego e castelán comparten porcentaxes moi semellantes, algo máis favorables para o primeiro. Ningunha das webs deste grupo presenta por defecto unha lingua que non sexa o galego ou o castelán.




Gráfico 3. Lingua na páxina de inicio das organizacións sociais e os medios de comunicación

Base: páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación administracións

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego

No grupo das empresas, as porcentaxes de emprego do galego na páxina de inicio son, nos tres subgrupos, inferiores ao 2%, o que significa que o castelán é a lingua predominante. Un dato que tamén é salientable é a cantidade de webs de empresas de máis de 250 empregados/as que ten a páxina de inicio por defecto nunha lingua distinta ao galego e ao castelán, o 6,5%, a porcentaxe desta opción máis elevada de todos os grupos analizados.




Gráfico 4. Lingua na páxina de inicio das empresas

Base: páxinas web das empresas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

■ Outras linguas
 ■ Castelán
 ■ Galego

O gráfico que se mostra a continuación presenta datos sobre as diferentes posibilidades que se atopan ao entrar nas webs analizadas. Por unha banda, vemos que o máis frecuente é que as páxinas de inicio estean por defecto nunha lingua (galego, castelán ou outra) nos tres grupos, con porcentaxes moi semellantes, do 84,4% nas administracións, o 89,5% nas organizacións sociais e medios de comunicación, e o 85,3% das empresas.

A segunda opción máis empregada é a de ofrecer ao entrar na web a posibilidade de escoller a lingua na que se quere navegar por ela. Trátase dunha funcionalidade que ofertan o 12,4% das administracións, o 8% das organizacións do segundo grupo e o 14% das empresas. Non obstante, hai que ter en conta que existen webs con só unha lingua no menú e que, polo tanto, non poden ofrecer opción de escolla na

páxina de inicio. É o caso do 36,6% de webs de administracións, o 71,2% de organizacións sociais e medios de comunicación, e o 60,9% de empresas.

Por último, existe unha porcentaxe moi pequena de webs que na súa páxina de inicio mestura contidos en máis dunha lingua. Son o 3,2% das páxinas das administracións, o 2,5% das de organizacións sociais e medios de comunicación, e o 0,7% das de empresas.




Gráfico 5. Posibilidades lingüísticas na páxina de inicio das organizacións observadas

Base: total de páxinas web das organizacións observadas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Mestura de linguas
- Posibilidade de escolla
- Unha lingua

Se analizamos a información en función dos tres grupos establecidos, vemos como no primeiro destes, o das administracións, existen importantes diferenzas entre unhas e outras. A estatal e a europea presentan moi pouca variabilidade, pois na primeira todas as

organizacións teñen por defecto a súa páxina de inicio en castelán, mentres que na segunda todas as institucións europeas dan a posibilidade de escoller entre varias linguas (22 ou 23, dependendo do caso) para navegar por elas.

No resto de administracións, atopamos máis posibilidades. Así, na local, o 82,7% ten a páxina de inicio nunha lingua (galego, castelán ou outra), mentres que un 13,3% ofrece a opción de seleccionar unha antes de entrar na web. No 4% mesturan contidos en dúas ou máis linguas na páxina de inicio. No que se refire á Administración autonómica, a maioría só conta cunha lingua na páxina de inicio por defecto, e só o 5% permite elixir o idioma.




Gráfico 6. Posibilidades lingüísticas na páxina de inicio das administracións

Base: páxinas web das administracións

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Mestura de linguas
- Posibilidade de escolla
- Unha lingua

Se nos detemos agora na análise das organizacións que conforman o segundo grupo, como se pode comprobar no seguinte gráfico a opción maioritaria é que as páxinas de inicio estean por defecto nunha lingua, con porcentaxes que oscilan entre o 100% das universidades e o 88,9% da Administración relixiosa.

A posibilidade de elixir a lingua de navegación pola web na páxina de inicio ofértana o 6,6% dos medios de comunicación, o 9,8% das organizacións sociais e o 11,1% das organizacións que se inclúen na Administración relixiosa.

A aparición de dúas ou máis linguas mesturadas na páxina de inicio só se atopa no 0,4% das organizacións sociais, o 3,9% dos medios de comunicación e o 10% das organizacións políticas e sindicais.




Gráfico 7. Posibilidades lingüísticas na páxina de inicio das organizacións sociais e medios de comunicación

Base: páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Mestura de linguas
- Posibilidade de escolla
- Unha lingua

A maior parte das webs das empresas ten a súa páxina de inicio nunha soa lingua, xa sexa galego, castelán ou outra, con porcentaxes superiores ao 75% en todos os subgrupos establecidos. A posibilidade de escoller o idioma no que se quere navegar pola web atopámola

en proporcións variables en todos os subgrupos: no 9,6% das que teñen de 10 a 49 empregados/as, no 20,8% das que teñen entre 50 e 249 e no 11,4% das de máis de 250. A aparición de páxinas de inicio nas que se mesturan contidos en dúas ou máis linguas é moi reducido, pois en ningún dos tres subgrupos sobrepasa o 1%.




Gráfico 8. Posibilidades lingüísticas na páxina de inicio das empresas

Base: páxinas web das empresas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Mestura de linguas
- Posibilidade de escolla
- Unha lingua

4.3.2 Linguas do menú

A continuación, preséntanse os datos das linguas presentes nos menús das páxinas web para consultar os contidos. Así, no seguinte gráfico móstranse as porcentaxes de webs do total das organizacións analizadas que ofrecen a posibilidade de consultarse en galego. Pódese comprobar que os resultados son ben diferentes en función do grupo analizado, pois vemos que nove de cada dez administracións posibilitan a consulta da súa páxina de inicio en galego, dato que contrasta co que acontece nas empresas, das que só unha de cada dez permite esta posibilidade. No caso do grupo relativo ás organizacións sociais e medios, case a metade ten o galego entre as linguas nas que se pode consultar a súa web.




Gráfico 9. Presenza do galego no menú de linguas da páxina web das organizacións observadas

Base: total de páxinas web das organizacións observadas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Deseguido, móstranse os resultados de cada un dos grupos por separado. En primeiro lugar, deterémonos nas páxinas web das administracións e organismos oficiais, nas que o galego ten unha presenza moi desigual en función do subgrupo ao que nos refiramos. Así, vemos que todas as webs da Administración autonómica poden consultarse en lingua galega, mentres que no caso da Administración europea, ningunha ofrece esta posibilidade. Pola súa banda, o 95% das institucións locais, isto é, concellos e deputacións, ten o galego como lingua do menú, e seis de cada dez organismos estatais tamén.

Sobre a presenza do galego nestas últimas, cómpre dicir que, aínda que nas webs que se inclúen no subgrupo da Administración do Estado se ofrece a posibilidade de ser consultadas en galego, o certo é que só unha parte dos contidos está nesta lingua, en proporcións variables dependendo da institución.




Gráfico 10. Presenza do galego no menú de linguas das páxinas web das administracións

Base: páxinas web das administracións

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Os resultados para o galego tamén difiren moito en función do tipo de organización do grupo 2 que consideremos, con porcentaxes que van desde o 85% de organizacións políticas e sindicais que teñen esta lingua no seu menú, ata o 30% dos medios de comunicación. Entre estas dúas cifras sitúanse os restantes subgrupos, nos que vemos como tres das catro universidades, en concreto, as tres galegas, ofrecen a posibilidade de consultar a súa web en galego. No caso das organizacións sociais, a porcentaxe é do 63,6%, e na Administración relixiosa do 44,4%.




Gráfico 11. Presenza do galego no menú de linguas das páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Base: páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Cando falamos das páxinas web das empresas de máis de nove empregados/as, vemos que só unha de cada dez ten o galego entre as linguas que ofrece a súa web. As porcentaxes, como mostra o seguinte gráfico, son moi semellantes nos tres subgrupos establecidos en función do número de empregados/as, pois sitúanse no 12,4 e no 9,6%.




Gráfico 12. Presenza do galego no menú de linguas das páxinas web das empresas

Base: páxinas web das empresas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Deterémonos agora a analizar a presenza do castelán nos menús do conxunto das webs analizadas no estudo. A primeira vista, pódese comprobar no seguinte gráfico que a situación con respecto ao galego é moi distinta, principalmente nas empresas. Así, practicamente todas teñen a opción de consultar a súa web nesta lingua, fronte ao 10% que ofrecía o galego.

En canto ás administracións, case sete de cada dez webs poden consultarse en castelán, mentres que no caso do galego esta cifra aumenta ata o 90%. Isto débese ao peso das administracións galegas, isto é, da Xunta de Galicia e dos concellos. No que se refire ao grupo 2, que engloba organizacións sociais e medios de comunicacións, o castelán está máis presente que o galego, pois as tres cuartas partes das súas webs ofrecen a posibilidade de verse neste idioma, fronte ao 48,6% que permite facelo en galego.




Gráfico 13. Presenza do castelán no menú de linguas das páxinas web das organizacións observadas

Base: total de páxinas web das organizacións observadas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

A presenza do castelán nas webs das diferentes administracións é moi desigual, como se pode comprobar no gráfico seguinte. No caso da local, isto é, concellos e deputacións, o 64,7% inclúe esta lingua, mentres que na autonómica a porcentaxe é do 55%. Estes datos contrastan cos ofrecidos para a lingua galega, pois como vimos nestas administracións de carácter galego a presenza deste idioma nas webs sitúase no 100% na autonómica e no 95% na local.

No entanto, a situación muda moito se consideramos as administracións estatal e europea, pois en ambas o castelán está presente no 100% das webs, mentres que o galego, como vimos, estaba en seis de cada dez páxinas das institucións do Estado e en ningunha das institucións europeas.




Gráfico 14. Presenza do castelán no menú de linguas das páxinas web das administracións

Base: páxinas web das administracións

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

A continuación, o seguinte gráfico dá conta da presenza do castelán nas páxinas web das organizacións sociais e medios e nel podemos comprobar como a situación é moi diferente á do galego. Por unha banda, unha cuarta parte das organizacións políticas e sindicais permite consultar a súa web en castelán, fronte ao 85% que inclúe o galego. No entanto, no caso dos medios de comunicación, a situación é exactamente a contraria, pois mentres que só tres de cada dez poden lerse en lingua galega, o 83,3% oferta o castelán. Nas organizacións sociais a situación é moito máis parella: 69,8% ten castelán e 63% galego.

Pola súa banda, todas as universidades contan cunha versión en castelán da súa web, mentres que unha delas non ofrece o galego. Por último, nas webs da Administración relixiosa tamén predomina o castelán, presente en case o 90%, cando a porcentaxe de inclusión do galego está no 44%.




Gráfico 15. Presenza do castelán no menú de linguas das páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Base: páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Se atendemos ao que acontece coas páxinas web das empresas de máis de nove empregados/as, a presenza do castelán é, como se aprecia no seguinte gráfico, maioritaria, pois practicamente a totalidade delas ten unha versión nesta lingua. Esta situación contrasta coa observada para o galego, xa que só unha de cada dez empresas como media inclúe este idioma.




Gráfico 16. Presenza do castelán no menú de linguas das páxinas web das empresas

Base: páxinas web das empresas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Pasamos agora a analizar cales son as linguas que están presentes nos menús das webs e comezamos coas das administracións. Así, vemos como o galego está presente no menú en nove de cada dez institucións públicas, de maneira que é o idioma que, de media, maior presenza ten nas webs institucionais.

A segunda lingua con maior presenza é o castelán, pois está en sete de cada dez, seguida xa moi de lonxe polo inglés (22,5%), o francés (6,1%), o portugués (1,4%), outras linguas de España (7,5%) e outras linguas do resto do mundo (2,6%).







Gráfico 17. Linguas presentes no menú de linguas das páxinas web das administracións

Base: páxinas web das administracións

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Se nos detemos agora no que pasa en cada unha das administracións, poderemos comprobar nos gráficos sucesivos como a inclusión de menús multilingües varía notablemente en función da institución pública á que pertenza a web. Así, como se mostra a continuación, no caso dos concellos e deputacións, o galego está presente no 95% dos menús, mentres que o castelán o está no 64,7%. A presenza doutras linguas é moi reducida, pois queda no 15,5% para o inglés, o 1% para o francés e o 0,7% para outras linguas (excluíndo o portugués e outras linguas de España).



En canto á Administración do Estado, todas as webs teñen o castelán no menú. Arredor de seis de cada dez inclúen o galego e outras linguas de España, mentres que o 68% ofrece o inglés. Outros idiomas con menor presenza son o francés (29,5%) e outras linguas do mundo (4,5%).





Gráfico 19. Linguas presentes no menú de linguas das páxinas web das administracións estatais

Base: páxinas web das administracións estatais

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

No caso da Administración autonómica de Galicia, en ningún caso se ofrece un menú multilingüe, pois todas están en galego e só algunhas, o 55%, teñen a posibilidade de ser consultadas en castelán. A Administración europea tamén é un caso singular, dado que todas as webs consultadas permiten escoller 22 ou 23 linguas, todas elas linguas oficiais de estados europeos, entre as que está o castelán.

As organizacións sociais e os medios de comunicación teñen menor oferta de menú multilingüe, pois, se exceptuamos o galego e o castelán, poucas son as posibilidades lingüísticas que se inclúen nas súas webs. Así, como mostra o seguinte gráfico só o 12,8% ofrece o inglés, o 2,1% o portugués, e, coa mesma porcentaxe, outras linguas de España.



No caso das empresas, como se pode comprobar no gráfico que aparece deseguido, a presenza de linguas diferentes ao castelán (que está en case todas elas) é bastante reducida. De feito, só unha de cada dez páxinas web ofrece o galego, mentres que o inglés está dispoñible no 35% delas. A inclusión doutras linguas aínda é máis minoritaria, con porcentaxes que oscilan entre o 8,3% do francés e o 2,2% doutras linguas de España.




Gráfico 21. Linguas presentes no menú de linguas das páxinas web das empresas

Base: páxinas web de empresas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Deterémonos agora a analizar o número de linguas que como media inclúen os menús das páxinas web analizadas. Así, no gráfico que mostramos a continuación, apreciamos notables diferenzas en función do tipo de organización. As do grupo 1, é dicir, as administracións, son as que máis idiomas ofrecen, xa que máis de catro de cada dez contan con dúas linguas, o 11,8% con tres e o 9,8% con catro ou máis.

As opcións multilingües redúcense notablemente nas organizacións do segundo grupo, posto que algo máis de sete de cada dez contan con tan só unha lingua, 18,1% con dúas, o 8,6% con tres e o 2,1% con catro ou máis.

No caso das empresas, tamén son maioría as que teñen unha soa lingua no menú, en concreto seis de cada dez. A porcentaxe das que inclúen dúas é do 20,7%, cifra que diminúe ata o 11,7% no caso das que dispoñen de tres e ata o 6,6% de catro ou máis.




Gráfico 22. Número de linguas nas páxinas web das organizacións observadas

Base: total de páxinas web das organizacións observadas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Catro linguas ou máis
- Tres linguas
- Dúas linguas
- Unha lingua

Se analizamos o número de linguas dos menús en cada un dos grupos, vemos como no caso das administracións as diferenzas entre unhas e outras son ben visibles. Así, mentres na Administración autonómica o máximo que podemos atopar son dúas linguas (no 55% das páxinas web), na europea todas teñen catro linguas ou máis. En posicións intermedias sitúanse, por unha banda, a Administración local, cun 40% de páxinas cunha lingua, un 44,6% con dúas linguas, un 14,4% con tres e un 1,1% con tres ou máis; e, por outra banda, a Administración do Estado, na que seis de cada dez webs contan cun menú de catro linguas ou máis, 2,3% con tres e 22,7% con dúas. O restante 16% pode consultarse só nun idioma.




Gráfico 23. Número de linguas nas páxinas web das administracións

Base: páxinas web das administracións

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Catro linguas ou máis
- Tres linguas
- Dúas linguas
- Unha lingua

As páxinas web de organizacións sociais e medios de comunicación, as pertencentes ao grupo 2, ofrecen, en xeral, poucas alternativas para elixir a lingua de consulta. As organizacións políticas e sindicais son as que menos idiomas ofrecen, pois como moito o 15% delas ten dous, fronte ao 85% que ten un. Porcentaxes tamén moi baixas atopamos nos medios de comunicación, xa que o 82% conta con unha, o 11% con dúas, o 5,7% con tres e o 1,3% con catro ou máis. Nas organizacións sociais tamén o monolingüismo é a opción maioritaria, posto que seis de cada dez ofrecen a súa web só nunha lingua, fronte ao 25% que ofrece dúas; o 12%, tres, e o 3%, catro ou máis. No caso das universidades, vemos como só unha delas dispón na súa web unicamente dunha lingua; outra universidade ten dous idiomas e dúas posúen tres. Por último, na Administración relixiosa as opcións redúcense bastante, pois o 66,7% ten a súa web nunha lingua e as restantes, o 33,3%, en dúas.




Gráfico 24. Número de linguas nas páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Base: páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Catro linguas ou máis
- Tres linguas
- Dúas linguas
- Unha lingua

No tocante ás webs das empresas, como media seis de cada dez teñen a súa páxina só nunha lingua, mentres que dúas de cada dez ofrecen a posibilidade de consultala en dous idiomas; o 11,7%, en tres, e o 6,6%, en catro ou máis. Se atendemos ás porcentaxes en función do número de empregados/as, vemos que case as tres cuartas partes das que teñen entre 10 e 49 contan cunha web que só está nunha lingua; o 13,7% ofrece dúas; o 8,7%, tres; e o 4,7%, catro ou máis.

Pola súa banda, as empresas que teñen entre 50 e 249 empregados/as teñen maior variedade no menú de linguas. Así, a porcentaxe das que só contan con unha descende ata o 53,5%, mentres que o número das que ofrecen dúas sobe ata o 26,2%; o das que ofrecen tres, ata o 13,1%; e o das que dispoñen de catro ou máis, ata o 7,3%.

Por último, as empresas de maior tamaño, isto é, as que contan con máis de 250 traballadores/as, son as que ofrecen máis linguas nos seus menús. O 43,3% inclúe só unha lingua; o 28,8%, dúas, o 17,3%, tres; e o 10,6%, catro ou máis. Así pois, canto maior é a empresa maior é tamén o número de idiomas que ofrece no seu menú.




Gráfico 25. Número de linguas nas páxinas web das empresas

Base: páxinas web das empresas

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Catro linguas ou máis
- Tres linguas
- Dúas linguas
- Unha lingua

4.4 A calidade da lingua galega nas páxinas web

Este apartado está dedicado á análise da calidade lingüística das páxinas web que están en galego. Cómpre ter en conta, como xa se comentou, que só se analiza a calidade das que seguen a norma RAG/ILG e unicamente das que teñen un mínimo de dez palabras. Cando se fala de número de erros por páxina, hai que lembrar que como media unha páxina dun folio inclúe unhas 300 palabras, que é a cifra que

se manexa para este estudo. Os datos están calculados en porcentaxe de erros sobre o total de palabras, pero para poder facer chegar de forma máis intuitiva facemos a conversión a número de erros que equivalerían nunha folia de texto estándar (300 palabras).

O gráfico que presentamos a continuación mostra o número de erros por páxina nas webs analizadas. Así, vemos que son as das empresas as que máis erros inclúen, pois como media teñen 22,6 por páxina. As administracións ocupan o segundo lugar por número de erros, cunha media de 15,1. Por último, as organizacións sociais e os medios de comunicacións, con 11, son os que presentan un menor número de erros.




Gráfico 26. Número de erros en lingua galega por páxina nas webs das organizacións observadas

Base: páxinas web en galego que seguen a norma RAG/ILG e teñen un mínimo de dez palabras

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Para que graficamente quede máis claro o que supón este número de erros por páxina, ofrecemos a continuación tres imaxes dunha páxina de 300 palabras. En cada unha delas pode verse representado o número de erros do gráfico anterior.

Unha persoa **galega** que é difícil de implementar na práctica o incentivo económico. Ademais, hai quen pensa que habería protestas. Outro dos participantes cre que o galego está en minoría e sendo agredido, polo que **galego** rapidamente discrimínación positiva.

Alguén dubida de que estes incentivos sexan éticos, particularmente indefendibles. Propóñense entón outros incentivos non **económicos**, capitalas, por exemplo. Así mesmo, propóñese ofrecer cursos de formación para empregados das notaría, motivándose e dándolles un título oficial que lles sirva de algo.

En relación con esta **proposta**, alguén pensa que para iso os notarios deben dárles a posibilidade aos oficiais de deixar facer esta formación en horas de traballo. Tamén solicita, neste sentido, a implicación do Colexio Notarial.

En xeral, parece que o coñecemento das ferramentas lingüísticas está estendido entre os **participantes**. Neste sentido, coméntase a posibilidade de poñer un enlace na nova páxina web do Colexio Notarial con estes recursos.

Cando se lles pregunta a quen **galego** cando teñen dúbidas, apuntaron que sería positivo a existencia dun servizo ao que derosen. Indícase a **posibilidade** de facer consultas ao Tergipal, ou usar o recordatorio para empregar ben a toponimia cando hai problemas e non se confía.

Con **estas** as medidas que se poden adoptar para o futuro, todos pensan que a páxina web do Colexio Notarial vai ser moi útil, **porque** van acudir habitualmente. Por este motivo, os instrumentos aí terán efectividade.

Tamén se apunta que precisan máis seguridade para facilitar as traducións ao galego. Un dos participantes cre que con certos se pode avanzar dunha maneira rápida. O incentivo **económico** sería a única forma de cambiar as cousas.

Alguén conclúe que **avanzar** máis o certidan por escrito por comodidade. Tamén se **avanza** a chegada das novas xeracións mudará as cousas, pois teñen máis preparación en galego que a súa xeración.

Unha persoa **galega** que é difícil de implementar na práctica o incentivo económico. Ademais, hai quen pensa que habería protestas. Outro dos participantes cre que o galego está en minoría e sendo agredido, polo que **galego** rapidamente discrimínación positiva.

Alguén dubida de que estes incentivos sexan éticos, particularmente indefendibles. Propóñense entón outros incentivos non **económicos**, capitalas, por exemplo. Así mesmo, propóñese ofrecer cursos de formación para empregados das notaría, motivándose e dándolles un título oficial que lles sirva de algo.

En relación con esta **proposta**, alguén pensa que para iso os notarios deben dárles a posibilidade aos oficiais de deixar facer esta formación en **horas** de traballo. Tamén solicita, neste sentido, a implicación do Colexio Notarial.

En xeral, parece que o coñecemento das ferramentas lingüísticas está estendido entre os **participantes**. Neste sentido, coméntase a posibilidade de poñer un enlace na nova páxina web do Colexio Notarial con estes recursos.

Cando se lles pregunta a quen **galego** cando teñen dúbidas, apuntaron que sería positivo a existencia dun servizo ao que derosen. Indícase a **posibilidade** de facer consultas ao Tergipal, ou usar o recordatorio para empregar ben a toponimia cando hai problemas e non se confía.

Con **estas** as medidas que se poden adoptar para o futuro, todos pensan que a páxina web do Colexio Notarial vai ser moi útil, **porque** van acudir habitualmente. Por este motivo, os instrumentos aí terán efectividade.

Tamén se apunta que precisan máis seguridade para facilitar as traducións ao galego. Un dos participantes cre que con certos se pode avanzar dunha maneira rápida. O incentivo **económico** sería a única forma de cambiar as cousas.

Alguén conclúe que **avanzar** máis o certidan por escrito por comodidade. Tamén se **avanza** a chegada das novas xeracións mudará as cousas, pois teñen máis preparación en galego que a súa xeración.

Unha persoa **galega** que é difícil de implementar na práctica o incentivo económico. Ademais, hai quen pensa que habería protestas. Outro dos participantes cre que o galego está en minoría e sendo agredido, polo que **galego** rapidamente discrimínación positiva.

Alguén dubida de que estes incentivos sexan éticos, particularmente indefendibles. Propóñense entón outros incentivos non **económicos**, capitalas, por exemplo. Así mesmo, propóñese ofrecer cursos de formación para empregados das notaría, motivándose e dándolles un título oficial que lles sirva de algo.

En relación con esta **proposta**, alguén pensa que para iso os notarios deben dárles a posibilidade aos oficiais de deixar facer esta **formación** en horas de traballo. Tamén solicita, neste sentido, a implicación do Colexio Notarial.

En **xeral**, parece que o coñecemento das ferramentas lingüísticas está estendido entre os **participantes**. Neste sentido, coméntase a posibilidade de **poñer** un enlace na nova páxina web do Colexio Notarial con estes recursos.

Cando se lles pregunta a quen **galego** cando teñen dúbidas, apuntaron que sería positivo a existencia dun servizo ao que derosen. Indícase a **posibilidade** de facer consultas ao Tergipal, ou usar o recordatorio para empregar ben a toponimia cando hai problemas e non se confía.

Con **estas** as medidas que se poden adoptar para o futuro, todos pensan que a páxina web do Colexio Notarial vai ser moi útil, **porque** van acudir habitualmente. Por este motivo, os instrumentos aí terán efectividade.

Tamén se apunta que precisan máis seguridade para **facilitar** as traducións ao galego. Un dos participantes cre que con certos se **pode** avanzar dunha maneira rápida. O incentivo **económico** **sería** a única forma de cambiar as cousas.

Alguén conclúe que **avanzar** máis o certidan por **escrito** por comodidade. Tamén se **avanza** a chegada das novas xeracións mudará as cousas, pois teñen máis preparación en galego que a súa **xeración**.

Texto de 300 palabras con 11 erros

Texto de 300 palabras con 15 erros

Texto de 300 palabras con 22 erros

Nos seguintes gráficos mostrarase a distribución dos erros segundo a súa tipoloxía. Como se poderá apreciar, nas organizacións dos tres grupos son os erros ortotipográficos os que aparecen con máis frecuencia, ademais nunha porcentaxe bastante maior que os outros dous, isto é, os léxicos e os morfosintácticos. Cómpre ter en conta que nos ortotipográficos o uso abusivo das maiúsculas ten un peso importante.

A lectura positiva dos datos que se ofrecen a continuación, que mostran que a media de erros nas webs analizadas é moi elevada, é que, ao tratarse de erros ortotipográficos os máis frecuentes, moitos poderían corrixirse, posto que a maioría poderían detectarse empregando un corrector ortográfico. O uso deste tipo de ferramentas permitiría tamén solucionar moitos dos de tipo léxico, como algúns castelanismos.

Así, a continuación móstrase o que acontece nas webs das administracións, nas que vemos que esa media de 15,1 erros por páxina se distribúe así: 11,5 son ortotipográficos, o que supón máis das tres cuartas partes dos erros; 2,6 léxicos e 1 morfosintáctico.




Gráfico 27. Distribución dos erros segundo o tipo nas páxinas web das administracións

Base: páxinas web en galego das administracións que seguen a norma RAG/ILG e teñen un mínimo de dez palabras

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

A continuación aparece a distribución dos erros segundo a súa tipoloxía nas páxinas web das organizacións que compoñen o segundo grupo. Dos once erros de media que aparecen, 7,5 son ortotipográficos (case o 70%), 2,1 léxicos (case o 20%) e 1,4 morfosintácticos.




Gráfico 28. Distribución dos erros segundo o tipo nas páxinas web das organizacións sociais e os medios de comunicación

Base: páxinas web en galego das organizacións sociais e os medios de comunicacións que seguen a norma RAG/ILG e teñen un mínimo de dez palabras

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

No gráfico seguinte aparece a distribución dos erros segundo a súa tipoloxía nas webs das empresas. Unha vez máis, son os ortotipográficos os máis abundantes, 14,6 dos 22,6 que hai en total de media, o que supón case o 65% dos erros totais. Moito máis reducida é a cantidade dos léxicos, 5,2 (case unha cuarta parte do total), e morfosintácticos, 2,8.




Gráfico 29. Distribución dos erros segundo o tipo nas páxinas web das empresas

Base: páxinas web en galego das empresas que seguen a norma RAG/ILG e teñen máis de dez palabras

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Como se pode apreciar nos gráficos anteriores, nas organizacións dos tres grupos son os erros ortotipográficos os máis frecuentes, ademais nunha porcentaxe bastante maior que os outros dous, isto é, os léxicos e os morfosintácticos.

A continuación ofrécense os datos da distribución das páxinas web segundo o número de erros en galego por páxina, tendo en conta que unha páxina equivale a 300 palabras. A porcentaxe das que non teñen erro ningún por páxina é de 6,8% no segundo grupo, de 5,4% no terceiro e de 1,7% no primeiro. Así pois, como se pode ver, son moi poucas as páxinas web que non presentan erros.

No caso das administracións, case a metade ten entre sete e quince erros por páxina, e nas organizacións sociais e medios de comunicación case unha terceira parte entre un e seis, e o 36%, entre sete e quince. Pola súa banda, máis de catro de cada dez empresas inclúen nas súas webs entre 16 e 30 erros, e o 32,1% entre sete e quince.

Por último, é interesante deterse nas páxinas que teñen un maior número de erros, é dicir, máis de trinta. Neste grupo, hai un 16,1% de empresas, un 9,7% de administracións e un 4,8% de organizacións sociais e medios de comunicación




Gráfico 30. Distribución das páxinas web segundo o número de erros en galego por páxina

Base: páxinas web en galego que seguen a norma RAG/ILG e teñen un mínimo de dez palabras

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Máis de 30 erros/páx.
- Entre 16 e 30 erros/páx.
- Entre 7 e 15 erros/páx.
- Entre 1 e 6 erros/páx.
- Sen erros

O gráfico que aparece a continuación mostra a distribución das páxinas analizadas en función da normativa empregada. Deixando a un lado as páxinas nas que non foi posible distinguila, por non incluír ningunha das palabras ás que lles afectou o último cambio de 2003, vemos que son as do grupo 2 e as do 1 as mellor adaptadas ás últimas modificacións, con porcentaxes case idénticas que se sitúan arredor do 42%. Moi lonxe desta cantidade quedan as empresas, pois só o 22% destas ten as súas páxinas adaptadas ao último cambio da normativa do galego.

Son tamén as empresas as que nunha porcentaxe maior conservan unha norma anterior ao 2003, case unha terceira parte, mentres que no caso das administracións non están actualizadas dúas de cada dez e nas organizacións e medios o 12,8%.

Tamén cómpre destacar o elevado número de webs que mesturan palabras nunha e outra norma. As que máis o fan son as administracións, algo máis de dúas de cada dez. Séguenas as empresas, cun 15,3%, e, por último, as organizacións do segundo grupo, cun 14,2%.




Gráfico 31. Distribución das páxinas web segundo a norma identificada

Base: páxinas web en galego que seguen a norma RAG/ILG e teñen un mínimo de dez palabras

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

- Mestura de normas
- Non se distingue
- Norma anterior a RAG/ILG 2003
- Norma RAG/ILG 2003

4.5 Conclusións


As principais conclusións que se poden extraer da análise dos datos realizada para as páxinas web son as seguintes:

- En canto á lingua presente na páxina de inicio ao entrar nas webs, existen diferenzas importantes en función do grupo analizado. Así, entre as administracións o galego é a lingua maioritaria, pois máis das tres cuartas partes das institucións públicas teñen este idioma por defecto nas súas webs. A porcentaxe de emprego do galego descende notablemente nos outros dous grupos, sobre todo nas empresas. Estas, en case o 97% dos casos, teñen o castelán como lingua de inicio, mentres que nas organizacións sociais e medios de comunicación, como media, mostran maior preferencia por este idioma, algo máis de seis de cada dez. Non obstante, dada a gran variedade de entidades que conforma este segundo grupo, dentro del existen notables diferenzas, pois mentres que na Administración relixiosa e nos medios de comunicación o castelán é maioritario como lingua de inicio nas webs respectivas, nas organizacións políticas e sindicais e nas universidades prefírese o galego.
- No que se refire ás preferencias na modalidade lingüística das webs, vemos que o máis frecuente é que estas por defecto estean nunha soa lingua, con porcentaxes que superan o 80% nos tres grupos establecidos. No entanto, algunhas organizacións optan por ofrecer unha funcionalidade consistente en permitir que sexa o usuario/a quen escolla a lingua coa que quere navegar pola web: son o 12,4% das administracións, o 8% das organizacións sociais e medios de comunicación, e o 14% das empresas. Minoritario é o número de organizacións dos tres grupos que optou por mesturar, de xeito máis ou menos coherente, dúas ou máis linguas na súa páxina de inicio.
- Con relación ás linguas que as organizacións estudadas ofrecen no seu menú, observamos unha situación moi diferente para galego e castelán en función do grupo ao que pertencen. Así, o galego está presente no menú de case o 90% das administracións, situación favorecida polo importante peso que teñen neste grupo tanto a Administración autonómica coma os concellos de Galicia. Tamén aparece en case a metade das entidades que se inclúen no segundo grupo. Non obstante, a situación é totalmente diferente nas empresas, pois só unha de cada dez conta co galego no seu menú de idiomas. A aparición do castelán é a contraria: nas empresas case o 100% o inclúe, así como as tres cuartas partes das organizacións do segundo grupo, e o 70% das administracións. Ademais destas dúas linguas, ás veces, nalgúns webs inclúense outras, das que a máis frecuente é o inglés, idioma que nas empresas, por exemplo, aparece en maior porcentaxe que o galego (35,1 fronte a 10%).
- En función do tipo de organización, advertimos que son as administracións as que máis linguas ofrecen nos seus menús, pois case dúas terceiras partes teñen máis dun idioma. Desta, destacan especialmente as webs da Administración europea, que poden lerse en 22 ou 23 linguas, dependendo da institución. As porcentaxes redúcense nas empresas, nas que arredor do 40% conta con máis dunha, e, sobre todo, nas entidades do grupo 2, das que algo menos de tres de cada dez permiten consultar a súa web en máis dunha lingua.
- No que á calidade lingüística se refire, cómpre dicir que, en xeral, esta é bastante baixa, aínda que con diferenzas en función do tipo de organización. As do segundo grupo son as que menos erros inclúen (unha media de 11 tomando como referencia unha páxina de 300 palabras), seguidas das do primeiro (15,1 de media) e, en último lugar, as do terceiro, isto é, as empresas, que son as que cometen máis erros (22,6).

- Seguindo coa calidade lingüística, cómpre dicir que as páxinas sen erros son unha minoría: o 1,7% no grupo 1, o 6,8% no grupo 2 e o 5,4% no 3. De media constitúen mesmo un grupo máis reducido que as que teñen máis de trinta, que son o 9,7% das empresas, o 4,8% das organizacións sociais e medios de comunicación, e o 16,1% das empresas.
- En canto á normativa empregada, convén sinalar que, en xeral, son maioría as webs que non se adaptaron ás últimas modificacións de 2003, sobre todo nas empresas, agás no caso das administracións que maioritariamente si aparecen actualizadas. Con todo, cómpre ter en conta que nunha porcentaxe significativa de organizacións, sobre todo nos grupos 2 e 3, nos que se sitúa arredor do 30%, non se distingue a norma empregada. Isto acontece polo reducido número de palabras ao que lle afectaron estes cambios, polo que é frecuente que isto aconteza nas webs cun reducido número de palabras.

Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito de internet
Subámbito dos blogs



= lingua
galega

5. A LINGUA GALEGA NOS BLOGS

5.1 Introducción

Un blog é un sitio web que un ou varios autores/as van actualizando periodicamente, e no que se vai situando no primeiro lugar a última anotación, tamén denominada *post*. Normalmente, permite que as persoas que o len insiran comentarios e que o autor/a ou autores/as lles dean resposta, dando así lugar ao establecemento dunha interacción.

Desde a década de 1990, os blogs, forma abreviada procedente de *weblog*, están presentes en internet, pero non é ata este século cando comezan a gañar espazo. Este fenómeno social, que vai ampliando o seu número de usuarios/as, os temas tratados, os formatos etc., ten unha ampla repercusión nas sociedades, que ven como persoas sen apenas coñecementos técnicos actualizan e escriben blogs cunha determinada frecuencia. No caso de Galicia, é interesante ver que lingua ou linguas se empregan nos blogs, posto que unha maior ou menor presenza do galego nestas bitácoras pode amosar, por unha banda, unha revitalización da lingua galega ou, pola outra, a constatación de que o galego aínda non foi capaz de introducirse con éxito nun ámbito tan importante como o das novas tecnoloxías.

Así pois, comunicación e tecnoloxía únense nos blogs, motivo polo que é fundamental que o galego goce dunha presenza normalizada tamén neste campo. Deste xeito, a continuación preséntase a observación sobre a lingua galega nos blogs, na que se abordará a presenza desta lingua e doutras nos blogs redactados desde Galicia, así como a calidade lingüística dos redactados en galego.

5.2 Metodoloxía

5.2.1 Consideracións xerais

Para levar a cabo esta observación sobre os usos lingüísticos nos blogs, é necesario circunscribir o universo de estudo aos blogs realizados desde o ámbito xeográfico de Galicia, pois é a única forma de obter unha cifra máis ou menos válida sobre a presenza da lingua galega. Non obstante, coñecer con rigor e exactitude o número de blogs mantidos desde Galicia é unha tarefa imposible por un motivo fundamental: a maior parte dos blogs non presenta referencia ningunha ao lugar desde o que se redacta. Ademais, o universo dos blogs é moi cambiante, no sentido de que todos os días se crean e se pechan blogs, polo que nunca é posible obter unha cifra definitiva.

Existen, ademais, variedades de formatos que non foron consideradas, como o caso dos fotoblogs ou fotologs (blogs de fotografías), os videoblogs ou vlogs (blogs que inclúen vídeos), os audioblogs ou musicblogs (nos que se publican arquivos de son), mobile blogs ou moblogs (que se actualizan desde un teléfono móbil que leve cámara incorporada) etc. Isto é así porque estes blogs incorporan unha presenza moi reducida de contidos textuais.

O universo dos blogs foi elaborado do seguinte xeito. En primeiro lugar, partiuse dos blogs aloxados en blogspot.com, lugar onde se aloxan maioritariamente os blogs galegos. Blogger conta con tres niveis nos que os seus usuarios poden identificar voluntariamente o lugar desde o que o escriben. Un destes niveis só pode conter o nome do país, a partir dun menú despregable e, polo tanto, pechado. Os outros dous campos son de texto libre e, por conseguinte, cada usuario pode escribir neles o que desexe. Así pois, realizouse unha busca de acordo con este criterio en función de topónimos galegos como Galicia, Galiza, A/La Coruña, Pontevedra, Lugo, Ourense, Vigo etc. É evidente que o resultado nunca será exhaustivo (non é posible realizar as buscas de todos os topónimos galegos e as súas variantes gráficas). Deste xeito, consideramos que existe un total de 17717 blogs aloxados en blogspot.com, nos que os seus creadores declaran voluntariamente que se atopan en Galicia.

En segundo lugar, manexamos os blogs aloxados en blogoteca.com, considerando que son todos de Galicia, posto que se trata dun sistema de blogs realizado nesta comunidade. Con todo, somos conscientes de que unha persoa pode ter aloxado un blog en blogoteca.com e non actualizalo desde Galicia. Neste caso manexamos un total de 1246 blogs.

En terceiro lugar, tivemos en conta os blogs do servidor mundo-r.com, que ascenden a 861. Neste caso incluimos tamén o total de blogs existentes, dado que só os clientes da empresa R (que unicamente opera en territorio galego) poden dispoñer dun blog aloxado no seu servidor.

En cuarto lugar, non esquecemos o Blogomillo. Como se sabe, o Blogomillo “tenta incluír [sic] tódolos [blogs] que existen na rede en galego”, aínda que, como máis adiante se verá, non todos os blogs desta lista utilizan o galego. Do total de blogs presentes (5548), descontamos os xa incluídos nos servizos antes comentados: blogspot.com, blogoteca.com e mundo-r.com. Deste xeito, o universo de blogs presentes no Blogomillo considerado ascende a 2861.

Así pois, o universo total de blogs manexados para este estudo é de 22685. Para a análise da lingua empregada nos blogs, temos en conta a lingua da anotación (*post*) máis recente na data de configuración do universo, de maneira análoga á lingua usada na páxina de inicio das páxinas web, e que foi o día 10 de decembro de 2008 ás 11 horas.

5.2.2 Deseño da mostra

A mostra do universo dos blogs estivo composta por 500, o que supón un erro mostral do 4,4%. Para realizar esta mostra, realizouse unha ponderación en función de cada un dos servizos antes mencionados. O erro de mostraxe está calculado para un **nivel de confianza do 95,5%** e cunha varianza $p = q = 0,5$.

BLOGS	Universo	Mostra
Blogspot.com	17717	391
Blogoteca.com	1246	27
Mundo-r.com	861	19
Blogomillo	2861	63
TOTAL	22685	500

5.2.3 Realización do traballo de campo e saída de datos

O traballo de campo comezouse a realizar o día da configuración do universo, isto é, o 10 de decembro de 2008. A partir de aquí, analizáronse os blogs que conforman a mostra ao longo dese mes e do de xaneiro de 2009.

Para a realización do traballo de campo escolléronse os blogs máis actualizados nos tres primeiros casos, agás no Blogomillo, no que se foron seleccionando pola propia orde que figura en <http://blogaliza.org/index.php?val=blogomillo>.

5.3 Usos lingüísticos nos blogs

En canto aos usos lingüísticos nos blogs, analízase a lingua utilizada na última anotación e obsérvase se o blog ofrece poder ser visitado nalgunha outra lingua.

En canto á lingua utilizada na última anotación, observamos que predomina o castelán, cun 66,8%. A segunda lingua máis utilizada é o galego, cunha porcentaxe do 30%. Por último, advertimos a escasa presenza que teñen outras linguas distintas do galego e do castelán nos blogs analizados, pois só supoñen un 4,2% do total.







Gráfico 32. Lingua da última anotación dos blogs

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Polo que respecta á posibilidade de que os blogs ofrezan ler as anotacións nunha lingua diferente da que aparece por defecto, constatamos que esta opción é realmente minoritaria, pois só a permite un 1,8% dos blogs observados. Ademais, é preciso indicar que esta opción se ofrece mediante tradución automática en todos os casos.

**Gráfico 33. Número de linguas no menú**

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

En canto ás linguas presentes no menú dos blogs, cómpre salientar que o castelán é a lingua maioritaria, cunha porcentaxe lixeiramente superior ao 67%. O segundo lugar ocúpao a lingua galega, cun 30,4%. A continuación, están o inglés, cunha cifra moi inferior (3,6%), e o portugués (1,6%). A presenza doutras linguas, sexan españolas ou non, é mínima: tan só do 1,4%.




Gráfico 34. Linguas presentes nos menús dos blogs

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

5.4 A calidade da lingua galega nos blogs

Neste apartado imos analizar a calidade lingüística en todos os blogs que utilizan esta lingua. Do mesmo xeito ca se fixo coa análise da cantidade, considérase a anotación máis recente cando esta está en galego e está composta por, como mínimo, 10 palabras. Exclúense, así mesmo, da análise os blogs que utilizan normas reintegracionistas. Da análise efectuada extráese que o número de palabras medio da anotación máis recente visitada é de 155,55.

No gráfico que se mostra a continuación pode observarse que a media de erros por páxina nos blogs é de 12, dos cales unha terceira parte corresponde a erros ortotipográficos. Os catro erros restantes repártense a partes iguais entre os erros léxicos e os morfosintácticos.




Gráfico 35. Media de erros por páxina nos blogs

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Da mesma maneira que se fixo para as páxinas web e para que graficamente quede reflectido o que supón este número de erros, ofrécese unha imaxe dunha páxina que contén 300 palabras e na que se marcan eses 12 erros que aparecen de media nos blogs escritos en galego.

Unha persoa [erro] que é difícil de implementar na práctica o incentivo económico. Ademais, hai quen pensa que habería protestas. Outro dos participantes cre que o galego está en minoría e sendo agredido, polo que [erro] rapidamente discriminación positiva.

Algun datada de que estes incentivos sexan directos, participando indifrentes. Propóñense outros incentivos non [erro] capitais, por exemplo, [erro]. Así mesmo, propoñese ofrecer cursos de formación para empregados das notaría, motivándose e dándolles un título oficial que lles sirva de algo.

En relación con esta [erro] algun pensa que para iso os notarios debían dafelos a posibilidade aos oficiais de dafar facer esta formación en horas do traballo. Tamén solicita, neste sentido, a implicación do Colexio Notarial.

En xeral, parece que o coñecemento das ferramentas lingüísticas está estendido entre os [erro]. Neste sentido, coméntase a posibilidade de poñer un enlace na nova páxina web do Colexio Notarial con estes recursos.

Cando se lles pregunta a quen acciden cando teñen dúbidas, apuntase que sería positivo a existencia dun servizo ao que dixeran. Indícase a [erro] de facer consultas ao Tergal, ou usar o recomendador para empregar ben a topónimo cando hai problemas e non se coñece.

Con [erro] de medidas que se poden adoptar para o futuro, todos parecen que a páxina web do Colexio Notarial vai ser moi útil, [erro] van acceder habitualment. Por este motivo, for instrumentos aí terá efectividade.

Tamén se apunta que [erro] máis seguridade para facilitar as traducións ao galego. Un dos participantes cre que con certos se pode avanzar d'arte maneira rápida. O incentivo [erro] sería a única forma de cambiar as cousas.

Algun conclúe que [erro] máis o coñecido por escrito por comodidade. Tamén o [erro] a chegada das novas xeracións matará as cousas, pois teñen máis preparación en galego que a súa xeración.

Texto de 300 palabras con 12 erros

No relativo á distribución dos erros identificados nos blogs, observamos como a maioría se engloba dentro dos erros ortotipográficos, en concreto un 62,3%. O segundo lugar ocúpalo os erros de carácter morfosintáctico, cun 22,4%, e o terceiro correspóndelles aos erros léxicos, cun 15,3%.




Gráfico 36. Distribución dos erros identificados nos blogs segundo a súa tipoloxía

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

No relativo á porcentaxe de blogs sen erros, observamos que un 9% non presenta erro ningún, fronte a un 91% que si contén, como mínimo, un erro. Como se pode ver, son maioría estes últimos, o que denota que a calidade lingüística é unha cuestión moi mellorable nos blogs escritos en galego.





Gráfico 37. Distribución dos blogs segundo se presentan ou non erros na redacción da súa última anotación

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

De acordo coa clasificación de erros, observamos que os blogs sen erros léxicos supoñen a porcentaxe máis elevada, cun 49%. A continuación sitúanse os blogs sen erros morfosintácticos, cun 45,9%. Por último, e cunha porcentaxe sensiblemente inferior, atópanse os blogs que non conteñen ningún erro ortotipográfico (17,2%).

**Gráfico 38. Distribución dos blogs segundo o tipo de erros**

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

No que respecta ao número de erros por páxina, advertimos que, partindo dunha páxina composta por 30 liñas de dez palabras cada unha, isto é, dun total medio de 300 palabras, case unha cuarta parte dos blogs conta con entre un e seis erros por páxina. O grupo máis numeroso (38,5%) está composto polos blogs que teñen entre 7 e 15. Ademais, os blogs que contan con entre 16 e 30 erros por páxina supoñen un 23,8%. Por último, o 5,7% dos blogs ten máis de 30.





Gráfico 39. Distribución dos blogs segundo o número de erros por páxina

Base: conxunto de blogs identificados xeograficamente con Galicia

Fonte: Observatorio da Lingua Galega

Outra cuestión que se considera importante ao analizar a calidade da lingua galega nos blogs é a norma que utilizan. Así pois, observamos que un 17% dos blogs usa a norma da Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega de xullo de 2003. Pola contra, un 8,5% utiliza unha norma anterior á modificada nesa data. O grupo maioritario, non obstante, está composto polos blogs en que non se distingue a norma utilizada. Isto é debido a dous motivos: por unha banda, á presenza de textos breves nos blogs e, por outra, á realidade de que os cambios introducidos no ano 2003 non supoñen modificacións nunha gran cantidade de palabras. Por último, observamos que un 5,9% dos blogs emprega algunha opción reintegracionista, mentres que só un 0,7% mestura as dúas normas antes indicadas.



5.5 Conclusións

Facendo unha recompilación das conclusións máis significativas extraídas para o conxunto dos blogs analizados podemos establecer as seguintes:

- Tres de cada dez blogs utilizan a lingua galega nos seus contidos, fronte ao 66,8% que utiliza o castelán. A presenza doutras linguas distintas do galego e o castelán é minoritaria nos blogs de Galicia. Estes datos parecen amosar unha revitalización da lingua galega neste campo, dato que sen dúbida supón unha boa nova para o idioma.
- A maioría dos blogs están escritos nunha soa lingua e apenas chegan ao 2% os que ofrecen os seus contidos en máis dun idioma. Ademais, todos os que o fan recorreu a tradutores automáticos.
- Cando existe esa posibilidade de consultar un blog en máis dunha lingua, a que ten máis presenza é o castelán (67,2%), seguido do galego (30,4%). Outros idiomas presentes nos menús dos blogs, aínda que moi minoritariamente, son o inglés e o portugués.
- En canto á calidade lingüística, os blogs en galego teñen doce erros de media por páxina, a maioría ortotipográficos (arredor dunha terceira parte), e só o 9% carece de erros. Case a metade non ten erros léxicos, mentres que os que non contan con erros morfosintácticos chegan ao 46%. Son minoría os que non inclúen erros ortotipográficos: o 17,2%.
- En canto á normativa empregada, un 17% está adaptado aos cambios das normas RAG/ILG de 2003 e o 8,5% non, pois escriben na norma anterior. Unha proporción moi pequena, que nin chega ao 1%, mestura ambas as dúas normativas. Cómpre ter en conta, non entanto, que no 68% dos blogs non foi posible distinguir se seguían a norma de 2003 ou a anterior, debido, moitas veces, ao reducido número de palabras que inclúen as anotacións.

6. PROPOSTA DUN SISTEMA DE INDICADORES PARA INTERNET

Un indicador é un elemento de medida que posibilita comprobar o grao de consecución do resultado previsto en cada obxectivo dunha política lingüística. O indicador lingüístico é unha variable seriada ou unha relación de variables de tipo cuantitativo cuxa medida ao longo do tempo proporciona información relevante sobre unha situación lingüística determinada.

É principalmente en Cataluña onde se deseñou e aplicou un maior número de sistemas de indicadores, como o Inuscat, un indicador do uso do catalán, o Ofercat, que mide a oferta de catalán, e o Indexplà, que permite avaliar o grao de normalización da lingua catalá nunha organización, entre outros.

6.1 Finalidade e obxectivos do sistema de indicadores

O sistema de indicadores que se vai propoñer para o ámbito de internet ten como obxectivo coñecer a situación do galego en:

- Páxinas web de institucións oficiais de ámbito galego, estatal e europeo; de organizacións sociais e medios de comunicación que desenvolven a súa actividade en Galicia; e empresas galega ou que operan en Galicia.
- Blogs que, declaradamente, son feitos en Galicia.

A finalidade dos indicadores é dobre: por unha banda, obtéñense datos sobre a presenza do galego en internet, e, pola outra, os indicadores permiten analizar o impacto e os resultados das accións de política lingüística levadas a cabo.



6.2 Sistema de indicadores lingüísticos para internet

6.2.1 Páxinas web

Para os indicadores da lingua galega nas páxinas web, recollerase información tanto sobre a cantidade de galego coma sobre a calidade lingüística. Esta información incluírá datos acerca da presenza do galego como idioma por defecto na páxina de inicio das webs, a súa inclusión como lingua no menú, e, por último, un índice de erros inferior a sete.

Indicador	Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3
Galego na páxina de inicio	76,1%	38,4%	1,4%
Galego no menú	89,6%	48,6%	10%
Webs con menos de 7 erros	21,1%	38,8%	10,8%

6.2.2 Blogs

Para os indicadores da lingua galega nos blogs, terase tamén en conta información tanto sobre a cantidade de galego coma sobre a calidade lingüística. No caso dos blogs, só se incluírán datos sobre a presenza do galego na última anotación e as que conteñen un índice de erros inferior a sete.

Indicador	%
Galego na última anotación	30%
Anotacións con menos de 7 erros	32%

7. CONCLUSIÓNS

As principais conclusións que se desprenden da observación realizada no ámbito de internet son as que se relacionan a continuación:

- O castelán é a lingua máis empregada en internet, tanto nas páxinas web coma nos blogs. Aínda así, existen sectores en que o galego é o idioma con maior presenza, como é o caso das webs pertencentes a administracións, sobre todo polo peso das institucións galegas (Administración autonómica e concellos). No entanto, o galego é unha lingua totalmente minoritaria nas webs das empresas, nas que ten unha presenza menor mesmo que o inglés. Dentro das organizacións sociais e os medios de comunicación, dada a variedade de entidades que forman o grupo, existen algunhas nas que o galego é a lingua predominante nas webs, como é o caso das organizacións políticas e sindicais e as universidades, e outras nas que se prefire o castelán, como os medios ou a Administración relixiosa. Disto despréndese que son as organizacións públicas as que máis empregan o galego, mentres que nos sectores privados, como os medios de comunicación ou as empresas, decántanse polo castelán.
- No que aos blogs se refire, tres de cada dez usan o galego nos seus contidos, o que demostra certa vitalidade desta lingua neste formato.
- En canto á calidade lingüística, esta é, en xeral, maior nos blogs que nas webs, cunha media de doce erros por páxina. No caso das webs esta media é de 11 nas organizacións do segundo grupo, de 15,1 nas do grupo 1 e de 22,6 nas empresas. A parte positiva sería que os máis frecuentes son os ortotipográficos, pois son os máis facilmente solucionables se se dispón dun corrector ortográfico que podería detectar moitos deles, aínda que non todos, e mesmo algúns de tipo léxico. Tamén convén apuntar que teñen unha incidencia importante os erros relacionados cun uso incorrecto das letras maiúsculas.
- En canto á norma empregada, a maioría das páxinas web e dos blogs segue a normativa RAG/ILG. Destes, analizouse se estaban adaptados ás últimas modificacións de 2003 e as conclusións foron que nos blogs son maioría os que si o están e que nas webs depende do grupo. Así, as das administracións recollen na súa maioría estes cambios, pero non así as das empresas, onde son unha minoría as que están adaptadas. Cómpre ter en conta, non obstante, que existe un número elevado de webs e, sobre todo, de blogs nos que foi imposible identificar a norma empregada, pois non incluían ningunha das poucas palabras que sufriron modificacións no ano 2003.

8. BIBLIOGRAFÍA

- A *sociedade da información en Galicia: situación actual e tendencias*. 2005. Observatorio das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- CANABAL, S., M. GAGO, X. LÓPEZ, A. ISASI, M. LIMIA & J. PEREIRA (2006): “A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos”, relatorio da xornada EnBlogs’06. Consultado en <http://consellodacultura.org/enblogs/imaxes/ABLOGOSFERAENGALEGO.ppt>, en xaneiro de 2009.
- GARRIDO, F. (2006): “Blogs e apropiación social da rede. Ecosistema, perfís e prácticas”, relatorio da xornada EnBlogs’06. Consultado en <http://www.consellodacultura.org/enblogs/imaxes/EnBlogs.ppt> en xaneiro de 2009.
- GARRIDO, F. (2006): “I Enquisa a blogueiros/as galegos/as”. Consultada en xaneiro de 2009 en http://www.cibersociedad.net/actividades/informe_enquisa_2006.pdf.
- GÓMEZ GUINOVART, Xavier. “A lingua galega en Internet”. En Ana BRINGAS e Belén MARTÍN (eds.). *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*. Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, páxs. 71-88.
- JAIME, L.; X. MITJÀ & J. SOLÉ CAMARDONS (1995): “Objectius i indicadors de resultat: exemples de formació”, *Llengua i Ús: revista técnica de normalització lingüística*, n.º 2 (1.º cuatrimestre 1995), Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, Direcció General de Política Lingüística, 15-20.
- LÓPEZ, XOSÉ; MANUEL GAGO & XOSÉ PEREIRA (2007): “A internet en Galicia”, LÓPEZ GARCÍA, X. (coord.). *A comunicación en Galicia*. 2007. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 145-156.
- LÓPEZ, XOSÉ e outros (2008). “Redes sociales cibernéticas y comunidades culturales: el caso de la blogosfera gallega”, *Comunicação e Cidadania – Actas do 5º Congresso da Associação Portuguesa de Ciências da Comunicação 6-8 Setembro 2007*, Braga: Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (Universidade do Minho).



LORENZO SUÁREZ, Anxo M. (2003): “Estudios sobre a situación sociolingüística da lingua galega (1990-2002)”, *Noves SL, Revista de sociolingüística*, Primavera 2003, <http://cultura.gencat.net/llengcat/noves>.

Plano estratéxico galego da sociedade da información.2007.

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA (2006): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

